

# **ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR APERTURA DE GABIAS, PROSPECCÍONS E CALAS**



## **Artigo 1º.- Fundamento e natureza.**

1.- De conformidade co que prevé o artigo 58 en relación co artigo 20.3 f), ambos da Lei 39/88, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, segundo a modificación que establece o artigo 66 da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais e de carácter público, este Concello establece a taxa polas utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do dominio público local por "apertura de gabias, prospeccións e calas en terro de uso público local, inclusive estradas, camiños e demais vías públicas locais, para instalación e reparación de canos, conduccións e outras instalacións, así como calquera remoción de pavimento ou beirarrúas na vía pública", que se regulará pola presente ordenanza, que se redactou de conformidade co que dispón o artigo 16 da Lei 39/88 que se citou.

2.- Serán obxecto deste tributo, en xeral, todas aquelas obras que supoñan unha remoción de pavimentos ou beirarrúas na vía pública, e a apertura de terreos de uso público local de gabias, prospeccións e calas para:

- a) A instalación e reparación de canos, conduccións e outras instalacións.
- b) Tendido de raís ou carrís.
- c) Colocación de postes, farois, etc.
- d) Elevar e reconstruír beirarrúas, bordo e calzada.
- e) Construcción de cámaras subterráneas para a utilización de servicios na vía pública.
- f) Varios conceptos análogos que non se recollen nos apartados anteriores, como poden ser arquetas, sumidoiros, pozos de rexistro, supresión de farois e desatoar e limpeza de tubos e canos.

3.- Este tributo é independente e compatible coas cotas que procedan, por outros conceptos de ocupación de bens de uso público municipal.

4.- Coa independencia das taxas, os contribuíntes quedan obrigados á reparación dos desperfectos, ou no seu lugar, cando proceda, ás

indemnizacións que establece o apartado 5 do artigo 24 da devandita lei 39/88.

### **Artigo 2º.- Feito imponible e obriga de contribuír.**

Constitúe o feito imponible deste tributo, a prestación de calquera dos aproveitamentos que se sinalaron no número 2 do artigo anterior, e a obriga de contribuír nacerá cando se inicie o aproveitamento unha vez se obteña a correspondente licencia, ou dende que se inicie o aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna autorización, con independencia das sancións que procedan.

### **Artigo 3º.- Suxeitos pasivos.**

Serán suxeitos pasivos desta taxa os contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas así como as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, titulares das respectivas licencias. No caso de aproveitamentos que se realizaran sen a preceptiva autorización, están solidariamente obrigados ó pagamento aquelas persoas:

- a) As que se beneficien dos aproveitamentos.
- b) Os que materialmente os realicen.

### **Artigo 4º.- Base imponible e liquidable.**

1.- Tomarase como base imponible do presente tributo:

- a) Os metros lineais para a apertura de gabias, prospeccións e calas en xeral, así como para a apertura de rúas para a realización de acometidas, tendido de cables e tubos, tomas de auga, etc., e por último para levantamento e reconstrucción de bordo de beirarrúas, sumidoiros, supresión e desprazamentos de

farois.

b) Os metros cadrados para o levantamento e reconstrucción de beirarrúas e calzada, arquetas e pozos de rexistro.

c) Os metros cúbicos para a construción de cámaras subterráneas para a instalación de servizos na vía pública.

d) Por planta e edificio as novas acometidas de auga e rede de sumidoiros.

e) Por cada un deles, os desatoos e limpeza de tubos da rede de sumidoiros, sumidoiros e arquetas propiedade dos particulares.

#### **Artigo 5º.- Cota tributaria.**

1.- A contía da taxa que regula esta ordenanza será a que se fixa na tarifa seguinte:

CONCEPTOS	PESETAS
A).- APERTURA DE PROSPECCIÓNS, CALAS E GABIAS EN XERAL	
1.- Beirarrúas pavimentadas. Por metro lineal ou fracción	693
2.- Beirarrúas non pavimentadas. Por metro lineal ou fracción	139
3.- Calzada de rúas pavimentadas. Por metro lineal ou fracción	139
4.- Calzada de rúas non pavimentadas. Por metro lineal ou fracción	72
5.- Apertura de rúas para realizar novas acometidas de auga e rede de sumidoiros. Por planta e edificio	1386

6.- Apertura de rúas para realizar novas acometidas de gas, electricidade, tendido de cables ou tubos, colocación de rieis e postes para suprimir os existentes, así como o levantamento de canos, conduccións, tomas de auga, etc. Por metro lineal ou fracción 1386

B).- CONSTRUCCIÓN DE CAMARAS SUBTERRANEAS DESTINADAS Á INSTALACIÓN DE SERVICIOS NA VIA PUBLICA

1.- Beirarrúas pavimentadas. Por metro cúbico. 344  
 2.- Beirarrúas non pavimentadas. Por metro cúbico. 70  
 3.- Calzada de rúas non pavimentadas. Por metro cúbico. 360  
 4.- Calzada de rúas non pavimentadas. Por metro cúbico. 139

C).- LEVANTADO E RECONSTRUCCIÓN

1.- Beirarrúas  
 Pavimentadas. Por metro cúbico 4160  
 Non pavimentadas. Por metro cúbico 1386  
 2. Bordo. Por cada metro lineal que se reconstrúa 6930  
 3.- Calzada  
 Pavimentadas. Por cada m2 ou fracción 6930  
 Non pavimentadas. Por cada m2 ou fracción. 2773

D).- VARIOS

Arquetas. Por m2 ou fracción 4806  
 Sumidoiros. Por metro lineal ou fracción. 1923  
 Pozos de rexistro. Por m2 ou fracción. 4806  
 Por supresión ou desprazamento dos farois. Por metro lineal ou fracción. 1923  
 Por desatoos e limpeza nos tubos da rede de sumidoiros, sumidoiros e arquetas propiedade dos particulares. 2079  
 Por cada un deles.

## **Artigo 6º.- Normas de xestión.**

- 1.- O tributo considerarase remunerado, dende que naza a obriga de contribuír, a teor do que establece o artigo 2º anterior, e liquidarase por cada aproveitamento que se solicitou e que se realizou.
  
- 2.- As cotas, aboaranse en efectivo por pagamento directo na Tesourería municipal.
  
- 3.- As persoas naturais ou xurídicas interesadas na obtención dos aproveitamentos que regula esta ordenanza, presentarán no Concello solicitude detallada da súa natureza, tempo para o que se solicitan, lugar onde se pretenden realizar, clase de pavimento da vía e, en xeral, cantas indicacións sexan necesarias para a exacta determinación do aproveitamento que se desexa.
  
- 4.- En caso de que a empresa de servizos públicos teña que reparar as súas instalacións, necesidades de obras urxentes, entendendo por tales, aquelas que pola súa natureza e dado o servizo que teñen que satisfacer, non poidan demorarse, sen graves prexuízos á obtención da correspondente licencia, poderán iniciar as obras sen obteren a autorización municipal previa, coa obriga, por parte daquela, de pór o feito en coñecemento da administración municipal coa maior brevidade e solicitar a correspondente licencia no prazo máximo de 48 horas.
  
- 5.- Nos supostos do número anterior, acreditaranse ante o Concello, as circunstancias de urxencia das obras, a imposibilidade material de ter solicitado a licencia previa e os prexuízos que se derivaran, de non procederse de forma urxente á necesaria reparación.
  
- 6.- Cando non se trate de apertura de calicatas para a conexión da auga, a reparación do pavimento ó terreo que se removeu, que será, en todo caso, do exclusivo cargo e conta de quen se beneficase

deles. En garantía de que polo interesado se proceda á perfecta reparación daqueles, para poder tramitar a solicitude acreditará que constituíu a correspondente fianza. De non ser suficiente a garantía que constituíu para cubrir o montante das obras que pretende executar, o interesado aboará a diferenza conforme coa conta que formule o técnico municipal.

7.- No caso de que, efectuada a reposición do pavimento polo concesionario da licencia, os servicios municipais estimen, logo das comprobacións pertinentes, que as obras non se realizaron de acordo coas esixencias técnicas correspondentes, o Concello poderá proceder á demolición e nova construción das obras defectuosas, obrigando ó concesionario da licencia a satisfacer os gastos que se produzan pola demolición, recheo de gabias e nova reposición do pavimento.

### **Artigo 7º.- Responsables.**

1.- Responderán con solidariedade das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

### **Artigo 8º.- Obriga de pagamento.**

O pagamento da taxa realizarase mediante aboamento directo na Tesourería Municipal ou onde establecera o concello.

### **Artigo 9º.- Exencións, reducións e demais beneficios legalmente aplicables.**

Non se recoñece ningún beneficio tributario, salvo os que sexan consecuencia do que se establece nos tratados ou nos acordos internacionais ou os que prevén as normas con rango de lei.

### **Artigo 10º.- Infraccións e sancións tributarias.**

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do que prevé esta ordenanza, estaráse ó que dispoñen os arts. 77 e seguintes da Lei xeral tributaria e demais normativa aplicable.

### **DISPOSICION DERRADEIRA**

O texto da presente ordenanza fiscal substitúe e derroga ó da anterior que aprobou o Pleno en esa publicación íntegra no BOP, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

### **ANEXO**

### **INDICE ALFABETICO DE VIAS PUBLICAS**

<b>Número de orde</b>	<b>Denominación da vía pública</b>	<b>Categoría</b>
1	Aduana, Rúa	3ª
2	Alameda, Rúa	2ª

3	Alameda, Praza	2ª
4	Amaro Refojo, Rúa	2ª
5	Cabreiroá, Estrada	4ª
6	Caja de Ahorros, Rúa	3ª
7	Campo da Feira	4ª
8	Canella Cega, Rúa	3ª
9	Castelao, Rúa	3ª
10	Castilla, Avenida	2ª
11	Colón, Rúa	2ª
12	Concello, Praza do	2ª
13	Concepción Arenal, Rúa	3ª
14	Constitución, Rúa	2ª
15	Correos, Rúa	2ª
16	Coutos, Camiño Os	4ª
17	Cruz, Rúa	1ª
18	Cuartel, Rúa	3ª
19	Costa, Rúa	4ª
20	Curros Enríquez, Rúa	3ª
21	Deputación, Rúa	1ª
22	Eduardo Pondal, Rúa	4ª
23	Elle, Rúa	3ª
24	Elle, Travesía de	3ª
25	Eloy Luis André, Rúa	3ª
26	Elvira Carrera, Rúa	3ª
27	Espido, Rúa	3ª
28	Espido, Travesía	4ª

29	Flores, Rúa	2ª
30	Fonte do Sapo	4ª
31	Fontenova, Camiño de	4ª
32	Foxo, Rúa O	4ª
33	Galicia, Rúa	1ª
34	García Barbón, Praza	1ª
35	Granxa, Camiño A	4ª
36	Irmáns Fernández Álvarez, Rúa	2ª
37	Irmáns Moreno, Rúa	1ª
38	Juan Guerra Valdés, Rua	2ª
39	Lamas Carvajal, Rúa	3ª
40	Laureano Peláez, Rúa	1ª
41	Laza, Estrada (até Cñº. A Rasela)	2ª
42	Laza, Estrada (desde Cñº. A Rasela até fin do núcleo de Verín)	3ª
43	Lisa, Rúa	1ª
44	Luis Espada, Avenida	1ª
45	Ladairo, Rúa	1ª
46	Marbana, Rúa	3ª
47	Mariano Carrero, Rúa	2ª
48	Maior, Rúa	1ª
49	Maior, Praza	1ª
50	Matadoiro, Rúa	3ª
51	Matadoiro - Elle, Rúa	3ª
52	Mercado Comarcal, Rúa	4ª

53	Mercado Comarcal, Acceso norte	4ª
54	Mercado Comarcal, Acceso leste	4ª
55	Mercé, Rúa	2ª
56	Mercé, Praza	2ª
57	Montemaior, Rúa	1ª
58	Muralla, Rúa	2ª
59	Olivar, Rúa	4ª
60	Ourense, Rúa	2ª
61	Outeiro, Rúa	4ª
62	Otero Pedrayo, Rúa	3ª
63	Pedro González, Rúa	2ª
64	Polideportivo, Rúa	4ª
65	Portugal, Avenida de (desde Avenida Luis Espada até Rúa Aduana)	1ª
66	Portugal, Avenida de (desde Rúa Aduana até Piscinas)	2ª
67	Portugal, Avenida de (desde Piscinas até o final do núcleo de Verín)	2ª
68	Pozo, Rúa	3ª
69	Queizás, Camiño de (zona urbana)	3ª
70	Queizás, Camiño de (zona non urbana)	4ª
71	Rasela, Camiño A	4ª
72	Remedios, Travesía	2ª
73	Río, Camiño do	3ª

74	Río Búbal, Rúa	3ª
75	Río Camba, Rúa	3ª
76	Río Támeaga, Rúa	3ª
77	Río Mente, Rúa	3ª
78	Rosalía de Castro, Rúa	3ª
79	Santamarina, Rúa José	1ª
80	San Antón, Rúa	3ª
81	San Blas, Rúa	3ª
82	San Félix, Rúa	3ª
83	San Gregorio, Rúa	3ª
84	San Lázaro, Avenida	2ª
85	San Lázaro, Canellón	4ª
86	San Pedro, Rúa	3ª
87	San Roque, Calle	3ª
88	San Rosendo, Rúa	3ª
89	Santiago Apóstolo, Rúa	3ª
90	Santiago Rodríguez, Rúa	2ª
91	Sousas, Avenida de	2ª
92	Sousas, Travesía de	2ª
93	Silvio Santiago, Rúa	3ª
94	Subida a Monterrey, Rúa	4ª
95	Traviesa, Rúa	4ª
96	Vences, Estrada de	4ª
97	Veiga, Travesía A	3ª
98	Vello de Sousas, Camiño	3ª
99	Vello de Fontenova, Camiño	4ª

100	Vicente Risco, Rúa	3ª
101	Viriato, Rúa	3ª
102	Resto rúas de Verín (terreo urbano)	4ª
103	Rúas de Feces de Abaixo (terreo urbano)	3ª
104	Rúas de Pazos (terreo urbano)	3ª
105	Resto de rúas núcleos rurais do municipio (terreo urbano)	4ª

O promedio do valor do mercado da utilidade que se deriva pola utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público local, de acordo co informe do aparelador municipal, é o seguinte:

<b>Categoría de rúa</b>	<b>Ptas</b>
Rúas de primeira categoría	78 800
Rúas de segunda categoría	48 650
Rúas de terceira categoría	51 250
Rúas de cuarta categoría	21 600

O alcalde

O secretario

**DILIXENCIA:**

Para facer constar que o texto da presente Ordenanza publicouse íntegramente no B.O.P. núm. 55 con data do 8 de marzo do 2000.

O secretario,